


Do 13 de decembro de 2024
ao 2 de febreiro de 2025

Edificio Castelao
Museo de Pontevedra



Azísdo

EN 66 OBRAS



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA

museo.depo.gal

**DOSSIER PARA
MEDIOS DE
COMUNICACIÓN**

Acisclo en 66 obras


Do 13 de decembro
de 2024 ao 2 de
febreiro de 2025

Comisaria: Beatriz
de San Ildefonso
Rodríguez

Museo de
Pontevedra,
Edificio Castelao

Esta exposición está composta por obras representativas da súa evolución artística desde o expresionismo figurativo ata alcanzar case a abstracción. Acisclo comezou traballando a madeira, coñecedor da técnica tras obter o título de tallista, e pronto se sentiu seducido pola escultura para contar historias coa materia no canto de coas palabras.

A súa obra fráguese no importante ambiente cultural que vivía “A Atenas de Galicia”, como era coñecida a cidade das Burgas nos anos sesenta, onde Vicente Risco era un referente nos faladoiros. No do Bar O Tucho, Acisclo e outros novos artistas da súa xeración reciben o maxisterio de Risco, que cariñosamente os chamaba “os Artistiñas”. El faláballes da figura de Castelao, da defensa da lingua e da cultura galegas, da loita pola liberdade e dos movementos de vangarda, e mesmo lles propuxo que interviñesen artisticamente en O Tucho, simulando o Cabaret Voltaire de Zúric, unha idea que levaron a cabo Acisclo, Xaime Quesada e José Luis de Dios coma homenaxe a Risco en 1963, uns meses despois da súa morte. Deste xeito naceu o grupo Volter, formado polos tres artistas coa intención de renovar a arte galega, defender o



galeguismo e amosar o seu compromiso político cunha militante oposición ao franquismo.

Nese ambiente de inquietudes políticas e artísticas perfílase o estilo de Acisclo, adscrito á neofiguración expresionista, que amosa o seu interese por resaltar de maneira especial os rostros e as mans, transmitindo profundas emocións a través do xesto. Busca conmover a e o espectador coa deformación corporal das figuras para expresar a soidade, a violencia ou a angustia, sentimentos humanos que en ocasións potencia furando a masa. Moitas destas primeiras esculturas están talladas en vigas procedentes de derribas das que aproveita as súas rugosidades, os seus nós, as súas fendas, as súas

curvaturas, mostrando sempre un forte respecto ás formas que creara a natureza.

Acisclo transmite unha mensaxe social, desde un activismo comprometido que o induciu a apoiar reivindicacións e protestas con obras que deixan constancia da represión política, coma en *10 de marzo*, e a súa preocupación polos obreiros, coma en *Cabeza dun obreiro acoirazado*.

Viaxeiro incansable, visitou a maior parte dos países de Europa e de fóra dela, coma Exipto ou Turquía, o que lle permitiu poder ver a obra de Fidias, Giacometti, Brancusi ou Henry Moore, co que comparte o seu interese pola natureza e os contornos ondulados. Desde os seus inicios sentiu fascinación polo Mestre Mateo, a cuxo pórtico da Gloria peregrinan moitos dos seus personaxes, e sempre se manifestou admirador de Oteiza.



Maternidade, 1969
Madeira
Colección particular

Á madeira irase sumando o metal, o bronce ou o chumbo, un material que en ocasións utiliza como coiraza das obras de madeira. Desde os anos setenta, o barro, co que tivo contacto desde os seus inicios, é o material co que se sente máis a gusto e o que lle proporciona maior liberdade. Acisclo modela o barro galego e a arxila eivisenca, o primeiro con volumes arredondados e formas compactas, coma a paisaxe de Galicia; o segundo inspíralle torsos femininos que lle fan imaxinar os restos da arte grega. En Eivissa, onde alterna a súa estancia entre 1968 e finais dos anos oitenta, sentiuse atraído pola luz e polo estimulante ambiente artístico protagonizado pola Galería Carl van der Voort e o Taller Ibograf, no que participa activamente.

O regreso definitivo a Ourense, instalado en Biduedo, San Cristovo de Cea, supón unha nova etapa protagonizada por torsos femininos de formas ondulantes, que manifestan unha tendencia cara á abstracción, e desde finais dos anos noventa policroma as terracotas.

Os personaxes angustiados de antano convértense en ninfas que asoman as súas cabezas sobre as augas galegas en murais de aluminio, ferro ou barro refractario, como tamén o fan en moita da súa obra monumental que, desde 1986, ten especial presenza na súa produción.



Abade, ca. 1971
Terracota
Museo de Pontevedra


AS OBRAS EXPOSTAS

Son 66 esculturas datadas entre 1959 e 2010.

Realizadas en gran variedade de materiais: madeira, barro, terracota, ferro, bronce, chumbo, aluminio, grafito refractario e fibra de vidro.

Proceden das seguintes entidades:

- Centro Galego de Arte Contemporánea
- Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
- Museo Provincial de Lugo
- Museo Municipal de Ourense
- Museo Municipal de Vigo Quiñones de León
- Parlamento de Galicia
- Centro Cultural Marcos Valcárcel
- Fundación Xaime Quessada Blanco
- Fundación Araganey
- Compañía de Radio Televisión de Galicia
- Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao
- Galería de Arte Contemporánea José Lorenzo
- Galería Isadora Art Decó
- Galería La Catedral
- Artemanz Espacio de Arte
- Decadent Arte y Antigüedades Pontevedra
- Coleccións particulares



Coqueta peregrina, 2010
Horma de madeira pintada,
cravos de aceiro e alfiletes
Colección particular

Amoroso da madeira Acisclo Manzano sabe espertar todas as formas e figuranzas que dormen nela. Fai como o lume soio que no frío do traballo de ciruxano porteador de ensonos as veces terribles, as mais doces, obras de nai, maxinares de neno no bosque. Cando se queima un tronco collen as chamus figuranzas de danzas de metáforas. Amor, lembranza, xogo, pesadelo, a delor do imposible, a piedade pra as formas imperfeitas. E iso fai Acisclo Manzano: suprender, queimando co seu arte severo e tenro de ciruxano parteador a madeira pra libertar todas as posibles metáforas postas polo home na madeira zugadora da terra e do ar, compañeira quieta do home peleriñante.

Ramón Otero Pedrayo, 1964

O que fai Manzano é descubri-la Hamadriade e libertarla. Porque a Hamadriade vive moi leda na árbore mentres esta está enterrada na terra, chea de vida; pero nada máis cortala e comezar a morrer lentamente, a Hamadriade atópase prisioneira e con medo de que a poñan a soste un piso, metida nun traveseiro, ou que a destrocen para convertela en patas de cadeiras, ou a boten ó lume para face-lo caldo ou para quentarse. E entón quere facerse independente, libertarse, vivir unha vida puramente espiritual, na súa forma propia. Acisclo dálla.

Vicente Risco, 1961



Mouro, 1965-1968
Madeira
Museo de Pontevedra